

ADMISIÓN DE ALUMNOS. CURSO 2021-2022

NORMATIVA REGULADORA

- Decreto 254/2.012 do 13 de decembro. DOG 26/12/2.012.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado (DOG do 15 de marzo de 2013) e Orde do 25 de xaneiro de 2017 que modifica a anterior (DOG do 1 de febreiro de 2017).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros.
- Instrucións da Xefatura Territorial.
- Resolución do 25 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral pola que se fai público o resultado do sorteo de letras de prioridade en caso de empate.
- Acordo do Consello Escolar do 27 de xaneiro de 2.014 polo que se outorga 1 punto a todo solicitante que acredite que a nai/o pai/titores legais (se fora o caso), irmás ou irmáns da persoa solicitante tiveran sido alumnas/os de polo menos un curso escolar neste centro segundo conste nos arquivos oficiais do centro ou se faga constar esta relación documentalmente mediante un expediente ou certificación oficial.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- COMEDOR ESCOLAR.
- TRANSPORTE ESCOLAR.
- SERVIZO DE MADRUGADORES.
- LIBRERÍA.

PRAZOS DO PROCEDEMENTO ORDINARIO DE ADMISIÓN

- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES: do día 1 de marzo ata o 22 de marzo de 2.021. O prazo de presentación a través da sede electrónica (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) remata o 22 de marzo.
- Lista provisional de admitidos e non admitidos: antes do 25 abril.
- Lista definitiva de admitidos e non admitidos: antes do 15 de maio.
- Formalización da matrícula:
 - Educación Infantil e Primaria: do 20 ao 30 de xuño.
 - ESO: do 25 de xuño ao 10 de Xullo.
 - Prazo extraordinario: do 1 ao 10 de setembro para ESO.

DOCUMENTACIÓN.

- Modelo ED550B de Solicitud de Admisión.
- Fotocopia do DNI do alumno ou libro de familia.
- Certificado de empadramento.
- Sentencia de separación ou divorcio se fose o caso.

OUTRA INFORMACIÓN

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva.
- Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso: DEZ DÍAS HÁBILES contados a partir dos dous días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.
- Reclamación á publicación das listaxes provisionais: CINCO DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das listaxes provisionais para formular reclamación ante o Consello Escolar, se é o caso.
- Impugnación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: No caso de centros públicos, contra a relación definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial, NO PRAZO DUN MES a partir da publicación das listaxes definitivas.
- As solicitudes de admisión poderán presentarse de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción ou a través da aplicación de xestión do proceso "admisionalumnado" dispoñible no enderezo electrónico: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>.

CRITERIOS XERAIS DE BAREMO – Puntuación			
Requisito	Puntuación		
(a) Número de irmáns	8	2	8
	Por un irmá/n matriculado no centro	2º e seguintes irmáns matriculados no centro	Parto múltiple. Cada un e sempre que soliciten na área de influencia do seu domicilio familiar
(b) Pai/Nai/Titores Traballan no centro	3		
(c.1) Proximidade Domicilio familiar	6	3	
	Área de influencia	Limitrofes área de influencia	
(c.2) Proximidade Lugar de traballo	4	2	
	Área de influencia	Limitrofes área de influencia	
(d) Renda per cápita (Suma das casillas 435+460, entre membros computables da familia a 28-2-2019)	3	2	1
	Inferior 0,5 veces do IPREM (menos de 3.227,015 €)	Superior a 0,5 e inferior a 0,75 do IPREM (entre 3.227,015 e 4.840,52 €)	Superior a 0,75 e inferior ao IPREM (entre 4.840,52 e 6.454,03 €)
(e) Familia numerosa (carnet familiar galego)	3	2	2
	Categoría especial	Categoría xeral	Monoparental
(f) Discapacidade algún membro da familia (certificación grao minusvalía. Máx. 4 ptos)	4	3	1
	Alumno/a	Nai/pai/titores	Irmáns
(g) Familia monoparental	2		
	Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao sustento.		
(h) Criterio complementario	1		
	a nai/o pai/titores legais (se fora o caso), irmáns ou irmáns da persoa solicitante tiveran sido alumnas/os de polo menos un curso escolar neste centro segundo conste nos arquivos oficiais do centro ou se faga constar esta relación documentalmente mediante un expediente ou certificación oficial		